



## **PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE CREA A COMISIÓN DE GARANTÍA E AVALIACIÓN DA EUTANASIA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.**

Visto o proxecto de Decreto polo que se crea a Comisión de Garantía e Avaliación da eutanasia da Comunidade Autónoma de Galicia, e en cumprimento do que dispón o artigo 7.1 do Decreto 111/1984, do 25 de maio, polo que se aprobou o Regulamento de Réxime Interior da Xunta de Galicia, e o artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, esta Secretaría Xeral Técnica emite o seguinte informe

### **1. FUNDAMENTACIÓN LEGAL.**

A Lei orgánica 3/2021, do 24 de marzo, de regulación da eutanasia, no seu artigo 17 determina que existirá unha Comisión de Garantía e Avaliación da eutanasia en cada unha das Comunidades Autónomas, así como nas Cidades de Ceuta e Melilla. A composición de cada unha delas terá carácter multidisciplinar e deberá contar cun número mínimo de sete membros, entre os que se incluírán persoal médico, de enfermaría e xuristas.

Segundo dispón o mesmo precepto, as Comisións, que terán a natureza de órgano administrativo, crearanse polos respectivos gobernos autonómicos, que determinarán o seu réxime xurídico.

Engade o artigo que cada Comisión deberá dispoñer dun regulamento de orde interna, que será elaborado pola citada Comisión e autorizado polo órgano competente da administración autonómica, fixando o mesmo precepto un prazo de tres meses desde a súa entrada en vigor para a creación e constitución das comisións.

No artigo 18 do mesmo texto legal se regulan as funcións destas comisións e no artigo 19 o deber de segredo dos seus membros.

Trátase dunha regulación de carácter básico conforme o previsto na disposición derradeira segunda da lei orgánica.

Por tal motivo, procede dar cumprimento ao disposto pola norma básica estatal, creando a Comisión de Garantía e Avaliación da eutanasia na Comunidade Autónoma de Galicia, regulando a súa composición e o seu réxime xurídico.

Por outra banda, a Disposición derradeira segunda da Lei 5/2015, do 26 de xuño, de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais, impón o mandato de modificación do Decreto 177/2000, do 22 de xuño, polo que se regula a creación e a autorización dos comités de Ética Asistencial, de tal xeito que lles corresponda asesorar e emitir informes sobre as cuestións éticas relacionadas coa práctica clínica que se produzan nos centros e institucións sanitarias, co fin de garantir os dereitos das persoas enfermas terminais, así como os dereitos e deberes das e dos profesionais que as atendan, de acordo co establecido na súa respectiva lexislación específica. Neste sentido, poderán asesorar e propor alternativas ou solucións éticas naquelas decisións clínicas controvertidas, no caso de discrepancia entre as e os profesionais sanitarios e as persoas enfermas terminais ou, de ser o caso, con aquelas persoas que exerciten os seus dereitos, ou entre estas e as institucións sanitarias, en relación coa atención sanitaria prestada ás ditas persoas enfermas terminais, que non se resolvesen mediante acordo entre as partes.



## 2. RAZÓN DE SER E UTILIDADE DO PROXECTO.

Como xa temos manifestado, a Lei orgánica 3/2021, do 24 de marzo, de regulación da eutanasia, no seu artigo 17 determina que existirá unha Comisión de Garantía e Avaliación da eutanasia en cada unha das Comunidades Autónomas, así como nas Cidades de Ceuta e Melilla. A composición de cada unha delas terá carácter multidisciplinar e deberá contar cun número mínimo de sete membros, entre os que se incluírán persoal médico, de enfermaría e xuristas.

Ditas comisións, que terán a natureza de órgano administrativo, crearanse polos respectivos gobernos autonómicos, quen determinarán o seu réxime xurídico.

Ademais, a citada norma determina que cada Comisión de Garantía e Avaliación da eutanasia deberá crearse e constituírse no prazo de tres meses a contar desde a entrada en vigor do citado artigo 17, que tivo lugar o 26 de marzo de 2021.

Por tanto, a disposición a que se refire este informe ven dar cumprimento a unha previsión contida nunha norma estatal de carácter básico.

Por outra banda, a Disposición Final segunda da Lei 5/2015, do 26 de xuño, de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais, determinaba a necesidade do establecemento de novas funcións dos comités de ética asistencial regulados polo Decreto 177/2000, do 22 de xuño.

O obxecto desa nova atribución de funcións a estes comités sería o posibilitar o asesoramento e a emisión de informes “sobre as cuestións éticas relacionadas coa práctica clínica que se produzan nos centros e institucións sanitarias, a fin de garantir os dereitos das persoas enfermas terminais, así como os dereitos e deberes das e dos profesionais que as atendan, de acordo co establecido na súa respectiva lexislación específica. Neste sentido, poderán asesorar e propoñer alternativas ou solucións éticas naquelas decisións clínicas controvertidas, no caso de discrepancia entre as e os profesionais sanitarios e as persoas enfermas terminais ou, no seu caso, con aquelas persoas que exerzan os seus dereitos, ou entre estas e as institucións sanitarias, en relación coa atención sanitaria prestada a ditas persoas enfermas terminais, que non se resolvesen mediante acordo entre as partes”.

Por tal motivo, a entrada en vigor da Lei orgánica 3/2021, do 24 de marzo, de regulación da eutanasia, constitúe tamén unha oportunidade de abordar este cambio, e establecer a oportuna coordinación entre o novo órgano administrativo e os comités de ética preexistentes.

## 3. TRÁMITES PRACTICADOS.

O proxecto normativo consta dos seguintes informes e trámites cubertos:

1. Unha memoria xustificativa, do 21/4/21, asinada polo director xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde, na que se expoñen os motivos da iniciativa. Esta memoria completouse con outra de data 5/5/21.

2. Unha Memoria Económica, do 21/4/21, asinada polo director xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde. Esta memoria foi corrixida mediante outra do 5/5/21, na que se especifica que os integrantes desta Comisión non percibirán ningún tipo de contraprestación económica polo desempeño das funcións encomendadas. Unicamente se lles abonarán dietas en concepto de desprazamento desde o seu lugar de traballo ou desde o seu domicilio, ata o lugar no que se celebre a reunión da Comisión. O abono das citadas dietas rexeráse polas disposicións específicas aplicables a este tipo de supostos, e sometido ás mesmas condicións e requisitos previstos para o resto do persoal.





3. Táboa de vixencias, de data 6/5/21.
4. Acordo de inicio de tramitación asinado polo conselleiro de sanidade con data 11/5/21.
5. Informe do Servizo Técnico Xurídico I, de data 12/5/21.
6. Acordo de aprobación inicial como proxecto, do día 14/5/21.
7. Acordo de omisión do trámite de audiencia e consulta pública previa, asinado polo secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade o 14/5/21.
8. Acordo de publicación no portal de transparencia da Xunta de Galicia, de data 24/5/21.
9. Informe da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, de data 31/5/21.
10. Informe de impacto de xénero, de data 3/6/21.
11. Informe Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, de data 17/6/21.
12. Memoria técnica xustificativa complementaria, de data 22/6/21, en relación coa ausencia dos trámites de consulta pública previa e información pública.
13. Informe da Asesoría Xurídica, de data 23/6/21.
14. Solicitude de ditame do CCGG, asinado polo conselleiro de Sanidade con data 23/6/21.

15. **Ditame CCG 191/2021 do Consello Consultivo de Galicia**, de data 30/6/21. O ditame do órgano consultivo contén as seguintes observacións:

15.1. En relación co procedemento de elaboración da disposición:

a) Alude á ausencia do Informe da D.X de Avaliación e Reforma Administrativa. En relación con este extremo, cómpre indicar que o informe consta como emitido o 31/5/21, e incorporado ao expediente administrativo, polo que se tratou dun erro na remisión da documentación ao órgano consultivo.

b) Omisión do trámite de informe de impacto demográfico, previsto no artigo 42.9 da Lei 16/2010 (LOFAXGA), introducido por Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia.

En relación con este extremo, con data 1/7/21 procedeuse a solicitar o informe indicado.

c) Ausencia de informe da Secretaría Xeral Técnica, previsto no artigo 43.2 da Lei 16/2010 (LOFAXGA).

Procédese a cumprimentar o trámite mediante a emisión do presente informe.

d) Ausencia no expediente da xustificación da non presentación de suxestións no portal de transparencia.

Ao respecto faise constar que no Formulario de solicitude de publicación de normativa en tramitación, indicábase expresamente que: *“Por tratarse dunha disposición de carácter organizativo, non procede a presentación de suxestións, de conformidade co previsto nos puntos 2 e 3 da Resolución do 2 de maio de 2017, da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, pola que se da publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de abril de 2017 polo que se aprobaron as instrucións para habilitar a consulta pública previa no proceso de elaboración de normativa a través do Portal de transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia.”*

e) No que atinxe á memoria xustificativa, aínda que non se considera observación de legalidade, o ditame indica que debería completarse o seu contido cunha referencia máis concreta aos diferentes aspectos que son obxecto de regulación e ao axuste da iniciativa normativa que nos ocupa aos principios de boa regulación do artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, e do artigo 129 da LPAC.

Incorpórase na parte expositiva do texto a referencia expresa ao cumprimento dos citados principios.

f) Sobre a ausencia de documentos sen sinatura e data, tense procedido á subsanación desta circunstancia.

g) Finalmente, o ditame fai unha observación indicando que do expediente resulta que, nun estado moi avanzado da tramitación, formulouse unha nova versión do proxecto normativo, máis breve que as versións previa aos trámites da fase inicial e da fase intermedia.

Ao respecto cómpre indicar que na Memoria técnica xustificativa complementaria, de data 22/6/21, alúdese expresamente a esta circunstancia nos seguintes termos: *“Ademais, téñense producido*





*cambios no texto final do proxecto que se someterá a informe e ao ditame do órgano consultivo, como consecuencia da revisión previa do mesmo operada pola Asesoría Xurídica. Así, tense reducido a extensión do proxecto, adaptando o seu contido unicamente ás determinacións contidas na propia Lei orgánica 3/2021, do 24 de marzo, descartando o plantexamento inicial comprensivo de estatuto xurídico dos membros, regras básicas de funcionamento e funcións do órgano.”*

## 15.2. Observacións de legalidade:

a) O órgano consultivo considera como tal a mención do “carácter multidisciplinar” da Comisión de Garantía, contida no artigo 1 do proxecto.

Por tal motivo, tense corrixido a redación e eliminado dita referencia.

b) Indícase a necesidade de corrixir no artigo 2 a remisión á regulación do réxime xurídico dos órganos colexiados.

Xa se ten cambiado a referencia, no sentido e coa redación indicada no ditame.

c) Tamén considera como observación de legalidade a ausencia de concreción sobre a condición da persoa que ocupe a secretaría como membro da comisión, e a aclaración do seu dereito ou non de voto.

Tense corrixido o texto aclarando que a persoa titular da secretaría terá voz pero non voto nas sesións do órgano.

d) Respecto da redación do artigo 5 do proxecto, considera necesario aclarar o papel dos Comités de Ética Asistencial, tendo en conta a modificación do Decreto 177/2000, do 22 de xuño, operada pola Disposición derradeira segunda da Lei 5/2015, do 25 de xuño, de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais.

Tense modificado o texto, pasando a unha disposición derradeira a modificación concreta do Decreto 177/2000 antes citado.

## 15.3. Observacións de mellora:

a) Cambio na estrutura e organización sistemática da disposición, quedando con 6 artigos delimitados en canto ao seu contido concreto.

Procedeuse a corrixir a sistemática e o contido dos artigos.

b) Propón completar a parte expositiva, incluíndo referencias á regulación legal do órgano, á xustificación da modificación do Decreto 177/2000, e á inclusión da mención á intervención do CCG na fórmula aprobatoria.

Tense procedido a completar a exposición de motivos no sentido indicado.

c) Respecto do artigo 1 (Obxecto) propón unha redación alternativa. Incorpórase ao texto.

d) Propón a inclusión no artigo 2 (creación da comisión) dunha redación alternativa. Incorpórase ao texto.

e) Propón a inclusión no artigo 3 (natureza xurídica e adscrición) unha redación alternativa. Incorpórase ao texto.

f) Respecto da redación do artigo 2, indica que debería recollese nun artigo diferenciado (réxime xurídico) o contido do número dous do mesmo, mudando a expresión “regulamento interno” por “regulamento de orde interna”. Adáptase a redación á observación realizada.

g) Respecto da redación do artigo 3 do proxecto, propón suprimir o inciso final. Adáptase a redación á observación realizada.

h) Respecto do artigo 4 do proxecto, indica que no artigo relativo á composición do órgano pode aludirse ao seu carácter multidisciplinar, e propón unha redación alternativa. Tamén indica a posibilidade de eliminar no punto 3 a referencia á presidencia da comisión e modificar a referencia á secretaría, e propón unha redación alternativa. Modifícase o texto no sentido da observación.

i) Recomenda incluír no artigo adicado á composición, un apartado relativo ao deber de segredo dos membros. Incorpórase o apartado correspondente no texto.

j) Respecto do artigo 5 do proxecto, recomenda pasar o seu contido a unha disposición derradeira, que recolla exclusivamente a incorporación do apartado f) no artigo 6 do Decreto



177/2000, do 22 de xuño, polo que se regula a creación e autorización dos comités de Ética Asistencial. Acéptase e incorpórase como disposición derradeira primeira.

k) Propón incluír unha disposición derradeira co réxime transitorio de funcionamento da Comisión, mentres non aprobe o regulamento de orde interna. Acéptase e incorpórase unha nova disposición derradeira.

16. Completa o expediente o informe de impacto demográfico, de data 1/7/21, tal como tiña indicado o Consello Consultivo no seu ditame.

#### **4. CONTIDO E ESTRUCTURA DO DECRETO.**

O proxecto normativo examinado consta dunha parte expositiva, 6 artigos, unha Disposición derogatoria, e catro Disposicións derradeiras.

O contido é o seguinte:

- Artigo 1.- Obxecto
- Artigo 2.- Creación da Comisión de Garantía e Avaliación da eutanasia da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Artigo 3.- Natureza xurídica e adscrición.
- Artigo 4.- Réxime xurídico.
- Artigo 5.- Funcións
- Artigo 6.- Composición
  
- Disposición derogatoria única. Derrogación normativa
  
- Disposición derradeira primeira. Modificación do Decreto 177/2000, do 22 de xuño, polo que se regula a creación e autorización de los comités de Ética Asistencial.
  
- Disposición derradeira segunda . Desenvolvemento normativo.
  
- Disposición derradeira terceira. Réxime transitorio.
  
- Disposición derradeira cuarta. Entrada en vigor.

#### **5. LEGALIDADE, ACERTO E OPORTUNIDADE.**

De conformidade con todo o anterior, o proxecto de Decreto polo que se crea a Comisión de Garantía e Avaliación da eutanasia da Comunidade Autónoma de Galicia, axústase á legalidade vixente, tendo a súa base legal citada no corpo deste informe.

A Lei orgánica 3/2021, do 24 de marzo, de regulación da eutanasia, no seu artigo 17 determina que existirá unha Comisión de Garantía e Avaliación da eutanasia en cada unha das Comunidades Autónomas, así como nas Cidades de Ceuta e Melilla. A composición de cada unha delas terá carácter multidisciplinar e deberá contar cun número mínimo de sete membros, entre os que se incluírán persoal médico, de enfermaría e xuristas.

Ditas comisións, que terán a natureza de órgano administrativo, crearanse polos respectivos gobernos autonómicos, quen determinarán o seu réxime xurídico.

Ademais, a citada norma determina que cada Comisión de Garantía e Avaliación da eutanasia deberá crearse e constituírse no prazo de tres meses a contar desde a entrada en vigor do citado artigo 17, que tivo lugar o 26 de marzo de 2021.



Por tanto, a disposición a que se refire este informe ven dar cumprimento a unha previsión contida nunha norma estatal de carácter básico.

O proxecto someterase á aprobación definitiva da persoa titular da Consellería de Sanidade e finalmente remitirase á Comisión de Secretarios Xerais previa á súa aprobación polo Consello da Xunta de Galicia, segundo o artigo 43 da Lofaxga.

De acordo co indicado considérase que este proxecto de decreto reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade polo que se emite a seguinte

### **PROPOSTA:**

Informar favorablemente este proxecto de decreto conforme a súa legalidade.

A subdirectora xeral de Réxime Xurídico e Administrativo

Laura Recacho Rivas

A persoa titular da Secretaría Xeral Técnica, logo de ver a proposta da subdirectora xeral de Réxime Xurídico e Administrativo, da Consellería de Sanidade, considera que o proxecto de decreto sometido a informe se axusta á legalidade vixente, polo que informa favorablemente (artigo 43.2 de Lei 16/2010, do 17 de decembro).

O secretario xeral técnico

Alberto Fuentes Losada

